



Nas últimas 24 horas houbo 116 novos contaxiados.

Galicia inicia esta semana cunha **repunta dos novos contaxios** de Covid-19 a 630 e unha subida dos casos activos a 5.058, mentres que a **taxa de positividade dispárase a un 8%** e os pacientes hospitalizados por este coronavirus descendem lixeiramente a 66.

Segundo os datos actualizados na mañá deste luns pola Consellería de Sanidade con rexistros ata as 18,00 horas deste domingo, a área sanitaria de Vigo continúa sen ingresados en críticos e baixan a cinco as doutras unidades –tres menos–.

### MÁIS DE 1.000 CASOS

Pola súa banda, os casos activos de Covid-19 superan os 5.000 ao elevarse a 5.058, que supoñen 497 máis que a xornada anterior ao haber máis contaxios (630) que altas (133). Con respecto a fai sete días, representan máis do dobre, xa que o luns pasado –5 de xullo– había 2.466. Deste xeito, sitúanse en niveis de finais de febreiro deste ano. Por áreas sanitarias, as infeccións activas ascenden de maneira máis acusada na de Vigo (+98), que segue á cabeza, con 1.058 casos.

### MÁIS DE 600 NOVOS CONTAXIOS

En canto aos novos contaxios de Covid-19 en Galicia seguen por encima do medio milleiro desde o venres pasado e disparáronse a 630, que implican 111 máis que os 519 rexistrados o domingo e 25 menos que os 655 do sábado. Por tanto, os positivos mantéñense por encima dos 200 desde o xoves 1 de xullo e do centenar desde o 24 de xuño.

## **Galicia sitúase cunha incidencia que supera o final de verán de 2020**

Escrito por VM

Luns, 12 Xullo 2021 19:28

---

**En toda Galicia foron confirmados 630 positivos** por Probas Diagnósticas de Infección Activa (PDIA) nas últimas 24 horas, dos cales 116 corresponden á area de Vigo.

//